

1.- ANTECEDENTES

De conformidade coas competencias atribuídas
ó Consello Económico e Social de Galicia
pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola
Comisión Sectorial nº 2: *Calidade de vida e protección social*,
e de acordo co procedemento previsto no
Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,
na súa sesión do 9 de setembro de 1999,
acorda por unanimidade emitir,
por propia iniciativa, o presente informe sobre

A situación sanitaria de Galicia



Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 1/98, de 12 de xaneiro, adoptou

o acordo de proceder á elaboración dun informe sobre a situación sanitaria de Galicia. Na mesma sesión acordouse que o traballo se levará a cabo pola Comisión Sectorial nº2: *Calidade de vida e protección social*.



Obxecto do informe

O obxecto deste informe é triple. En primeiro lugar, tenta reflectir a situación sanitaria



de Galicia co fin de obter un coñecemento básico do sistema sanitario na comunidade autónoma e da súa complexidade.

En segundo lugar, o informe ten tamén por obxecto dispor duns indicadores básicos para o seguemento permanente da situación da sanidade en Galicia.

E, como terceiro obxecto, o informe tenta facilitar ós membros do Consello a elaboración das consideracións que estimen oportunas sobre eventuais reformas da normativa vixente que permitan o desenvolvemento do sistema sanitario de Galicia. Á vez, o coñecemento profundo da situación deberá servir para a elaboración dos dictames preceptivos que sobre os anteproxectos de lei que afecten ó dito sistema se lles solicite por parte da Xunta de Galicia.

Tódolos datos foron obtidos das institucións que oficialmente podían facilitalos. Deste xeito tentouse garanti-la calidade e fiabilidade das series de datos dispoñibles. O alcance temporal das series supeditouse ó antedito criterio.

A Comisión Sectorial debateu o documento básico coa colaboración de asesores das organizacións representadas na mesma.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre os aspectos máis salientables do informe pechan o último apartado do mesmo.



Metodoloxía e alcance do informe

O primeiro apartado do informe concreta a descrición do sistema sanitario de Galicia nos seguintes aspectos:

- Marco normativo da sanidade pública e privada.
- Financiamento do gasto sanitario público
- Distribución territorial e funcional da sanidade pública
 - Recursos humanos da sanidade pública: cualificación e formación.
 - Recursos materiais da sanidade pública.
- O sector sanitario privado na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Actividade asistencial.
 - Sistemas de información e instrumentos de xestión da sanidade pública.

Para o desenvolvemento do documento básico deste apartado, o Consello contou coa colaboración de dous asesores externos da Universidade da Coruña.